

O CONTRADECRETAZO

EN PROTESTA Sindicatos, docentes e escritores chaman á participación na folga e na manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego para o xoves en Santiago

Mobilización "masiva"

FETE-UXT, STEG, Nova Escola Galega, AELG ou o Sindicato de Estudantes opoñense ao borrador de Feijóo

Redacción · Santiago

O Sindicato de Estudantes, FETE-UXT, CIG, STEG, Nova Escola Galega e a Asociación de Escritores en Lingua Galega foron algúns dos colectivos que sumaron ante o seu apoio á folga no ensino e á manifestación convocada pola plataforma Queremos Galego para o vindeiro xoves ás 11.30 horas na Alameda compostelá.

O sindicato FETE-UXT realizou ante un chamamento á participación "do conxunto da comunidade educativa". O voceiro do sindicato, Marcelino Brea, recordou que lle remitiu a semana pasada un documento á Consellería de Educación no que daban de prazo ata ante ao departamento que dirixe Jesús Vázquez para avaliar 18 emendas á súa proposta de decreto no ensino e que, ante a "ausencia de resposta" por parte do Executivo, decidiron sumarse á convocatoria de folga e á manifestación convocada pola plataforma.

Brea criticou que as bases do decreto da Xunta provocará que unhas familias sexan "gañadoras" e outras "perdedoras", tras advertir que a súa aplicación suporá un "caos" na organización dos propios centros de ensino. Así, considerou que o texto recolle un contido "confuso" e "imprevisible" que será "imposible de le-



Queremos Galego manifestouse en Compostela contra o borrador do decreto, o pasado 30 de decembro

CON VÁZQUEZ E FEIJÓO

Primeira reunión cos sindicatos

Os sindicatos da Mesa Sectorial do ensino -CIG-Ensino, CC OO, FETE-UGT, ANPE e STEG- reuníranse hoxe co titular de Educación, Jesús Vázquez e co secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo para alertalos de que a proposta de decreto é "irrealizable". O sindicato ANPE estixirá a maior financiamento e formación do profesorado no caso de que a Xunta mantenga o seu modelo de introdución do inglés; CCOO-En-

sino definiu como un elemento "distorcionador" introducir o inglés como terceira lingua vehicular en "igual de condicións que as dúas linguas oficiais". O sindicato FETE-UGT expresará a súa oposición a un modelo trilingüe, STEG oporase aos principios de base da proposta de decreto e CIG-Ensino ve esta rolda de contactos como "un lavado de cara" e "unha escusa perversa" para intentar dar cobertura social a este novo texto

var á práctica", polo que animaron "o conxunto da comunidade educativa a secundar a folga e a participar na manifestación" para, deste modo, "dar unha resposta axeitada" á proposta lingüística do departamento autonómico.

Pola súa parte, o Sindicato de Estudantes pediu tamén unha participación "masiva" na folga xeral convocada por Queremos Galego. A organización estudiantil recordou que as bases presentadas pola Xunta se presentaron "en plenas vacacións" para "evitar a resposta da comunidade educativa" e suporá reducir as clases en galego, ao pasar o seu uso

dun 50 por cento ao 30 por cento" das materias. Deste modo, iniciarán unha campaña a través dos centros educativos mediante charlas e unha pegada de carteis informativos, co obxectivo de lle explicar á comunidade educativa os contidos da norma proposta por Educación que, na súa opinión, suporá "máis fracaso escolar".

Asemade, Nova Escola Galega tamén realizou un chamamento á "participación masiva" na folga. Este colectivo de renovación pedagóxica considera "imposible" que a futura norma dea un tratamento "igualitario" ás linguas no ensino, dende un punto de vista "estrictamente pedagóxico".

O secretario provincial da CIG, Xosé Ferreiro, acusou á Xunta de cometer "prexuízo" tras recordar a súa promesa de defender o Estatuto de Autonomía e a Constitución, durante a toma de posesión.

Pola súa banda, o voceiro en Lugo do Sindicato de Traballadores Galegos do Ensino (STEG), José Cabezudo, pediu a participación de "todo o profesorado e do alumnado" na folga do ensino do xoves, aínda que avisou de que o galego "non queda só no ensino, senón que é algo que chega a toda a sociedade".

Tamén a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) expresou o seu apoio á folga e acusou á Xunta de "ignorar as voces e os argumentos" de especialistas no ámbito educativo e pedagóxico que se mostraron en contra do citado borrador. Por iso, fixo un chamamento á comunidade educativa galega para secundar o paro xeral no ensino. ●

LINGUAS ■ "Queremos facer ver que o castelán non está ameazado", di o ministro de Xustiza

Caamaño: "O inglés non está ao nivel do galego"

O secretario xeral do PSdeG, Pachi Vázquez, e o ministro de Xustiza, Francisco Caamaño, pedíronlle ante o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, que "volva buscar o consenso e o diálogo" en materia lingüística, pero "non a través dun elemento de confrontación", en referencia ó borrador do decreto do galego.

Pachi Vázquez instou a Feijóo para que busque que "o galego sexa un elemento de identidade e de unión". Por este motivo, recalco que "queremos consenso, pero non cun elemento de confrontación, como este borrador, que toda Galicia está dicindo que

non lle gusta". Vázquez asegurou que no seu partido "hai vontade de acordo" pero iso producirase "cando Feijóo volva buscar o diálogo e o consenso, aí atopáremonos". O secretario xeral do PSdeG pediu "respecto lingüístico para os dous idiomas" e advertiu ó PP que "non pode impoñerles este decreto a todos os galegos cando a sociedade di que non".

Vázquez asegurou que dentro do PSdeG "existe unanimidade nesta materia" e defendeu o decreto vixente elaborado polo bipartito, recordando que "o PP estaba montado nel ata unha hora antes". Pola súa banda,



Pachi Vázquez, á dereita, e Francisco Caamaño na reunión de onte

Francisco Caamaño, cando lle preguntaron se se sentía un radical por apoiar a manifestación de Queremos Galego do 18-O, tal como o acusaron desde algún sector, aseverou que "sín tome como un cidadán galego máis, que cre que non debe haber un problema agora onde nunca o houbo". Neste sentido quixo destacar que as cuestións lingüísticas "non son cousa dun partido, senón dos consensos propostos nos anos 80 e, que todos respectamos e levamos aplicando dende entón".

Caamaño afirmou que "queremos retornar aos esquemas de tolerancia en Galicia e facer ver que o castelán non está ameazado". Ademais, o titular de Xustiza, cuestionou o modelo que propón un terzo do ensino en inglés porque "non se poden tratar dúas linguas oficiais ao nivel doutra que non o é. Hai que potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, pero o estatuto do inglés non pode estar ao nivel das linguas oficiais". ● AGN